

## **SIGLA, ACRÓNIMO E AMÁLGAMA**

Definimos **SIGLA** como o vocábulo que resulta da redución dunha secuencia de palabras á letra inicial decada unha delas, que pode pronunciarse illadamente ou agrupada en sílabas. A sigla escríbese en maiúsculas e sen puntos e é invariables en xénero e número. Cando empregamos unha sigla por primeira vez nun texto, debemos escribir a seguir o seu significado entre parénteses

EX: OMS IES PSOE

**O ACRÓNIMO** créase a partir dunha ou máis letras dos vocábulos que conforman unha expresión. Ás veces acaban incorporándose ao léxico común e adquirindo categoría de substantivos. Neste caso, deixan de ser expresións invariables canto ao número, como acontece con *ovni, láser, opa* etc.

Ex; SIDA( SÍNDROME DE INMUNODEFICIENCIA ADQUIRIDA) PEME (PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS)

**A AMÁLGAMA** ou palabra entrecruzada resulta da fusión de dous ou máis vocábulos nun só, ficando uni camente o inicio do primeiro e o final do último.

Ex: MOTEL (motor e hotel)

## **ABREVIACIÓN, ABREVIATURA E SÍMBOLO**

A **abreviación** consiste na formación dunha palabra a partir do acortamento dun vocábulo máis longo, do cal se conservan, xeralmente, as primeiras sílabas.

Ex: tele (televisión)

A **abreviatura** unha ou varias letras que se empregan na escrita para representar de maneira breve un termo.

A abreviatura escríbese con puntos ou barras finais e pronúnciase como se fose o vocábulo completo.

EX: a. C (antes de Cristo)

P.D post data

**O símbolo** é un tipo de abreviatura de uso internacional que designa operacións, unidades, dimensións e outros conceptos relacionados coas ciencias, artes, a tecnoloxía...

O símbolo, que non leva puntos nin tiles nin varía en plural, está formado por:

-Letras iniciais, letras iniciais e finais en minúscula ou, no caso de símbolos químicos, co primeiro elemento en maiúscula:

Ex. g (gramo)

-Signos non alfanuméricos: Ex. @

('arroba')